

## O NOSO CONTEXTO:

Precisamos dunha **transición enerxética** cara á neutralidade climática, empregando todas as **fontes de xeración libres de emisión** ao noso alcance, sendo a combinación de enerxías renovables e nuclear a clave para satisfacer a crecente demanda de enerxía (industria, electricidade, transporte...). A queima de combustibles fósiles (carbón, gas natural e petróleo) ten efectos devastadores no medio ambiente e na saúde humana, con 3,5 millóns de mortes prematuras en 2020 debido á contaminación do aire.

## A CENTRAL NUCLEAR DE ALMARAZ:

Localizada en Cáceres (Estremadura), consta de dous reactores nucleares que levan operando máis de 40 anos de forma **segura, fiable e respectuosa co medio ambiente e coas persoas**.

- **Xeración:** cubre o **7% da demanda eléctrica anual** e a súa xeración equivale ao consumo de **4 millóns de fogares**, senda a instalación con maior contribución ao sistema eléctrico nacional.
- **Disponibilidade:** no 2023, operou o **95% das horas do ano** a plena potencia, o que reflexa a súa fiabilidades e estabilidade da súa operación.
- **Enerxía limpa:** no 2023, evitou a emisión de **7,2 millóns de toneladas de CO<sub>2</sub>**, o cal representa un 25% das emisións netas do sistema eléctrico español.
- **Seguridade:** a Asociación Mundial de Operadores Nucleares (WANO), que revisa centos de centrais espalladas por diversos países, sitúaa na súa **categoría máis alta** polos seus excelentes estándares de seguridade e funcionamento.
- **Custo:** a operación a longo prazo das centrais nucleares, contemplado en moitos países incluso ata os 80 anos, é unha das formas máis **baratas** de producir electricidade.
- **Emprego:** xera uns **2.900 empregos** entre directos, indirectos e inducidos; mentres que nos períodos de recarga (cada 18 meses por reactor) incorpóranse 1.200 traballadores adicionais ao cadro de persoal. O peche provocaría o abandono de **1 de cada 3 habitantes** da rexión e unha diminución da poboación activa do 36% na zona.
- **Riqueza:** contribúe en máis de **97 millóns de euros anuais** ao seu entorno, sendo un terzo do tecido industrial de Estremadura, e o cesamento da súa actividade suporía un impacto negativo na economía extremeña de 91 millóns de euros.

## #SALVEMOSALMARAZ

A iniciativa “Salvemos Almaraz” nace co obxectivo de concienciar sobre a necesidade de prolongar a operación das Unidades I e II da central nuclear de Almaraz, cuxas clausuras están previstas para 2027 e 2028, respectivamente. O 2024 é un ano clave para acadar dito obxectivo, xa que corresponde coa data límite para reverter a decisión de peche e estender a súa operación.

Jóvenes Nucleares\* ten un interese inherente no futuro a longo prazo, por representar á xeración máis afectada polas decisións tomadas na actualidade en materia de medio ambiente, economía e enerxía. Por iso, avogamos por estender a operación da central nuclear de Almaraz máis aló de 2027, con fin de evitar as consecuencias negativas do seu peche en termos de emisións, seguridade enerxética e desenvolvemento social e económico.

# ¿POR QUE #SALVEMOSALMARAZ?

## FONTES:

- **Organización Mundial da Saúde (OMS):** Contaminación atmosférica doméstica 2020.
- **Centrais Nucleares Almaraz – Trillo (CNAT):** Publicacións - Informe semestral CN Almaraz - Segundo semestre de 2023 CNAT.
- **Foro Nuclear:** Producción diaria de las centrales nucleares españolas 2023.
- **Rede Eléctrica España (REE):** Emisións e factor de emisión de CO<sub>2</sub> equivalente da xeración en 2023 (sistema eléctrico nacional).
- **Asociación de Municipios en Áreas de Centrais Nucleares (AMAC):** Estudio de Impacto Económico e Sociodemográfico ante o peche da central nuclear de Almaraz. Novembro 2021.
- **Axencia Internacional da Enerxía (AIE):** Custos previstos de produción de electricidade 2020.

\* “Mozos Nucleares” en español.